

I. DISPOSICIÓN XERAIS

XEFATURA DO ESTADO

12133 *Lei orgánica 6/2010, do 27 de xullo, complementaria da Lei 31/2010, do 27 de xullo, sobre simplificación do intercambio de información e intelixencia entre os servizos de seguridade dos Estados membros da Unión Europea, pola que se modifica a Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial.*

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban todos os que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei orgánica.

PREÁMBULO

A Lei sobre simplificación do intercambio de información e intelixencia entre os servizos de seguridade dos Estados membros da Unión Europea establece, na súa disposición adicional segunda, punto segundo, que, cando se requira de autorización xudicial para o acceso á información solicitada, os órganos xurisdicionais competentes para autorizar ou, se é o caso, denegar o dito acceso serán os xulgados centrais de instrución da Audiencia Nacional, salvo que a información forme parte dun procedemento xudicial aberto, caso en que o competente para tal fin será o órgano xudicial que estea coñecendo do dito procedemento.

En consecuencia, débese dar unha nova redacción ao artigo 88 da Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial, que asigne aos xulgados centrais de instrución a competencia para autorizar ou, de ser o caso, denegar, cando se requira autorización xudicial, o acceso á información solicitada no marco da lei citada no parágrafo anterior, sempre que a información solicitada non forme parte dunha investigación desenvolvida no seo dun procedemento xudicial aberto, caso en que a competencia corresponderá ao órgano xurisdicional que estea coñecendo do dito procedemento.

Artigo único. *Modificación do artigo 88 da Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial.*

O artigo 88 da Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial, queda redactado da seguinte forma:

«Na vila de Madrid poderá haber un ou máis xulgados centrais de instrución, con xurisdición en toda España, que instruirán as causas cuxo axuizamento corresponda á Sala do Penal da Audiencia Nacional ou, de ser o caso, aos xulgados centrais do penal e que tramitarán os expedientes de execución das ordes europeas de detención e entrega, e de extradición pasiva, así como as solicitudes de información entre os servizos de seguridade dos Estados membros da Unión Europea cando requiran autorización xudicial, nos termos previstos na lei.»

Disposición derradeira primeira. *Competencia estatal.*

Esta lei orgánica dítase en exercicio das competencias atribuídas ao Estado en materia de lexislación procesual polo artigo 149.1.6.^a da Constitución.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Esta lei orgánica entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto,
Mando a todos os españois, particulares e autoridades, que cumbran e fagan cumprir esta lei orgánica.

Madrid, 27 de xullo de 2010.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
JOSÉ LUIS RODRÍGUEZ ZAPATERO